

MANUAL

LOGOTIPO 100% RAZA AUTÓCTONA

LIMIÁ

Según o RD 505/2013, do 28 de xuño, polo que se regula o uso do logotipo “raza autóctona”



LIMIÁ



LIMIÁ

Autor:

Federación de Razas Autóctonas de Galicia - BOAGA

ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| RAZA AUTÓCTONA 100%..... | 3 |
| LEXISLACIÓN | |
| OBXECTIVOS | |
| REPRESENTACIÓN BÁSICA DA MARCA. “MARCA XENÉRICA” | |
| MARCA POR ESPECIES | |
| CORES CORPORATIVOS POR ESPECIE | |
| PREGO DE CONDICIÓN. ÁMBITO DE APLICACIÓN..... | 5 |
| OPERADORES – SOLICITUDE..... | 6 |
| CONDICIÓN DE CRIANZA | 7 |
| DESCRICIÓN DOS PRODUTOS..... | 8 |
| PRODUCCIÓN CÁRNICA..... | 9 |
| PRODUCCIÓN PELES E FANEROS..... | 10 |
| PRODUCCIÓN DE LEITE E QUEIXO..... | 11 |
| PRODUTOS ELABORADOS OU TRANSFORMADOS E COMIDA PREPARADA..... | 12 |
| SISTEMA DE TRAZABILIDADE..... | 13 |
| SISTEMA DE VERIFICACIÓN POR PARTE DA ASOCIACIÓN..... | 18 |
| NON CONFORMIDADES E RÉXIME DISCIPLINARIO..... | 20 |
| TRATAMENTO DE NON CONFORMIDADES – APLICACIÓN RÉXIME DISCIPLINARIO..... | 23 |
| “OPERADOR AUTORIZADO”. PASOS A SEGUIR..... | 25 |

RAZA AUTÓCTONA 100%

LEXISLACIÓN

Real Decreto 505/2013, do 28 de xuño, polo que se regula o uso do logotipo “raza autóctona” nos produtos de orixe animal.

OBXECTIVOS

- Crear un selo único, diferencial e recoñecible que permita aos consumidores coñecer a procedencia dos produtos.
- Contribuír á difusión da información relativa ás razas incluídas no Catálogo Oficial de Razas de Ganado de España, favorecendo a conservación, mellora e fomento das Razas Gandeiras.
- Crear unha imaxe atractiva de cara a fomentar o coñecemento e o consumo dos produtos das razas autóctonas da gandería española e dotalas de valor.

REPRESENTACIÓN BÁSICA DA MARCA. “MARCA XENÉRICA”

- Un círculo de cor negra con siluetas contrastadas en branco de varias especies: bovino, porcino, ovino, caprino e aviar.
- Dúas versións monocromáticas: positivo e negativo.
- Tamaño mínimo: 1 cm de diámetro.
- Utilizárase en campañas e promoción, e nunca no etiquetado de produtos de orixe animal.



> Positivo



> Negativo

MARCA POR ESPECIES

- Cada marca por especies ten unha cor determinada que os identifica e os distingue do resto de especies.
- Na actualidade contémplanse as especies bovino, equino, caprino, cunícola, dromedario, ovino, asnal e aviar. Pero poderán engadirse novas especies.
- As marcas por distintas especies irá acompañada do nome da raza tal e como se denominan no Catálogo Oficial de Razas de Ganado de España.
- Tamaño mínimo: 1 cm de diámetro.
- Utilizárase no etiquetado dos produtos.



LIMIÁ

CORES CORPORATIVOS POR ESPECIE

- Versión monocromática: utilizarase sempre e cando a Marca poida identificarse correctamente dentro do entorno gráfico onde conviva)
- Versión bicromática: utilizarase para resaltar a Marca nun entorno que se asemelle á súa cor distintiva.

| | | | | | | | | |
|---|---|--|---|---|--|---|--|--|
| | | | | | | | | |
| Pantone 1797 | Pantone 363 | Pantone 205 | Pantone 144 | Pantone 7408 | Pantone Process Cyan | Pantone 288 | Pantone 7538 | Pantone 327 |
| C 14 R 201 M 94 G 40 Y 86 B 45 K 4 | C 79 R 57 M 22 G 137 Y 99 B 47 K 5 | C 31 R 225 M 83 G 71 Y 19 B 125 K 0 | C 1 R 239 M 58 G 130 Y 100 B 0 K 0 | C 3 R 244 M 36 G 175 Y 100 B 0 K 0 | C 100 R 0 M 0 G 158 Y 0 B 224 K 0 | C 100 R 0 M 67 G 70 Y 0 B 135 K 23 | C 9 R 184 M 0 G 191 Y 13 B 181 K 30 | C 100 R 0 M 0 G 134 Y 44 B 136 K 17 |




LIMIÁ

PREGO DE CONDICIÓN-ÁMBITO DE APLICACIÓN

EXPLOTACIÓN DE NACEMENTO  PUNTO DE VENDA

FASES INCLUIDAS – OPERADORES


- **Producción primaria:** ganderías de nacemento, cría e engorde de animais de raza Limiá.
- **Transformación:** matadoiros, salas de despezamento e, en xeral, calquera establecemento admitido pola lexislación vixente no que se realice o sacrificio, despezamento, envasado, elaboración, transformación e embalado de produtos da raza. Puntos de almacenaxe, transformación, venda de peles, faneros e confección (no caso das peles e faneros).
- **Comercialización:** puntos de venda onde se expoñan e comercialicen produtos da raza Limiá. Podemos incluír locais de restauración onde se realice o consumo de produtos da raza.



LIMIÁ


OPERADORES – SOLICITUDE

Os operadores comprométese a cumprir o Prego de condicións e terán que solicitalo por escrito á Asociación.



Pazo de Fontefiz s/n
32152 Coles - Ourense

Tel. 988205486
Fax 988205489



Asociación de criadores da raza bovina Limiá

SOLICITUDE DE OPERADOR AUTORIZADO PARA O EMPREGO DO LOGOTIPO 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ

SOLICITUD DE OPERADOR AUTORIZADO PARA EL EMPLEO DEL LOGOTIPO 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ

Tipo de operador: Producción Primaria
Producción Primaria

Transformación
Transformación

Comercialización
Comercialización

DATOS DO SOLICITANTE/OPERADOR **LI 00063**

DATOS DEL SOLICITANTE/OPERADOR

Nome ou Razón Social / Nombre o Razón Social: _____ NIF/CIF / NIF/CIF: _____

Enderezo / Domicilio: _____

C.P. / C.P.: _____ Concello / Ayuntamiento: _____ Provincia / Provincia: _____

Tel. / Tel.: _____ Tel. que aparecerá na web / Tel. que aparecerá en la web: _____ Fax / Fax: _____

Enderezo electrónico / Dirección electrónica: _____ Páx. web / Pág. web: _____

Nome e apelidos do responsable / Nombre y apellidos del responsable: _____ Cargo que ocupa / Cargo que ocupa: _____ NIF do responsable / NIF del responsable: _____

Razón comercial que aparecerá na publicidade / Razón comercial que aparecerá en la publicidad: _____

Enderezo para aspectos comerciais [cubrir soamente no caso de que sexa distinto ao enderezo fiscal]: _____
Domicilio para aspectos comerciales [cubrir solamente en caso de que sea distinto al domicilio fiscal]: _____

N.º REGA / N.º REGA: _____ N.º Rex. Sanitario (se procede) / N.º Reg. Sanitario (si procede): _____

Descrición da produción / Descripción de la producción: _____

DEREITOS E OBRIGAS DO OPERADOR SOLICITANTE


- O solicitante afirma coñecer o Prego de Condicións para a utilización do logotipo "100% Raza Autóctona Limiá", comprometéndose a cumprilo.
- En cumprimento do Prego de Condicións, LIMIAGA comprométese a registrar e dar publicidade do operador, tanto en súa páxina web como en todos aqueles eventos promocionais nos que participe, a través da realización de diverso material promocional.
- LIMIAGA proporcionarálle ao operador os documentos e paneis informativos, adhesivos e/ou distintivos do Prego de Condicións, sendo responsabilidade do establecemento a colocación destes nun lugar visible se así o considera.
- O solicitante autoriza a LIMIAGA a publicación dos seus datos para uso publicitario, nas condicións do Prego de Condicións.
- O operador solicitante comprométese a aboar as cotas anuais que se establezan.
- En cumprimento do Prego de Condicións, o operador comprométese a permitir o acceso do personal autorizado por LIMIAGA ás súas instalacións, de cara a exercer o control do Prego de Condicións.
- O operador gardará a documentación de expedición de produtos "100% Raza Autóctona Limiá".
- Os produtos "100% Raza Autóctona Limiá" que non estean envasados estarán claramente diferenciados doutros produtos vacunos convencionais, sen que exista contacto físico entre ambos.
- O solicitante manifesta que foi informado de todos os dereitos e obrigas que lle corresponden no Prego de Condicións para a utilización do logotipo "100% Raza Autóctona Limiá".


DERECHOS Y OBLIGACIONES DEL OPERADOR SOLICITANTE


- El solicitante afirma conocer el Pliego de Condiciones para la utilización del logotipo "100% Raza Autóctona Limiá", comprometiéndose a cumplirlo.
- En cumplimiento del Pliego de Condiciones, LIMIAGA se compromete a registrar y dar publicidad del operador, tanto en su página web como en todos aquellos eventos promocionales en los que participe, a través de la realización de diverso material promocional.
- LIMIAGA proporcionará al operador los documentos y paneles informativos, adhesivos y/o distintivos del Pliego de Condiciones, siendo responsabilidad del establecimiento la colocación de estos en un lugar visible si así lo considera.
- El solicitante autoriza a LIMIAGA la publicación de sus datos para uso publicitario, en las condiciones del Pliego de Condiciones.
- El operador solicitante se compromete a abonar las cuotas anuales que se establezcan.
- En cumplimiento del Pliego de Condiciones, el operador se compromete a permitir el acceso del personal autorizado por LIMIAGA a sus instalaciones, con el objeto de ejercer el control del Pliego de Condiciones.
- El operador guardará la documentación de expedición de productos "100% Raza Autóctona Limiá".
- Los productos "100% Raza Autóctona Limiá" que no estén envasados estarán claramente diferenciados de otros productos vacunos convencionales, sin que exista contacto físico entre ambos.
- El solicitante manifiesta que fue informado de todos los derechos y obligaciones que le corresponden en el Pliego de Condiciones para la utilización del logotipo "100% Raza Autóctona Limiá".


O solicitante/operador
El solicitante/operador

En _____, a _____ de _____ de _____










Asdo. _____
Fdo. _____

De seus datos incorporaranse a un ficheiro titularidade de LIMIAGA coa finalidade de xestionar a nosa relación. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito á Asociación de Criadores da Raza Limiá no seguinte enderezo: Pazo de Fontefiz, Coles, 32152, Ourense, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 sobre Protección de Datos de Carácter Personal. Sus datos se incorporarán a un fichero titularidad de LIMIAGA con la finalidad de gestionar nuestra relación. Puede ejercer sus derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición, dirigiéndose por escrito a la Asociación de Criadores de la Raza Limiá en el siguiente domicilio: Pazo de Fontefiz, Coles, 32152, Ourense, de acuerdo con la Ley Orgánica 15/1999 sobre Protección de Datos de Carácter Personal.

EXEMPLAR PARA A ASOCIACIÓN (entidade de control)
EJEMPLAR PARA LA ASOCIACIÓN (entidad de control)

CONDICIÓN DE CRIANZA

- Animais inscritos no **Libro Xenealóxico** da raza Limiá.
- Animais inscritos en ganderias inscritas no Libro Xenealóxico da raza Limiá, que cumpran a súa regulamentación específica e o **Programa de Conservación** da raza Limiá.



100%
LIMIÁ


DESCRINCIÓN DOS PRODUTOS

A denominación **Raza Autóctona Limiá** poderase empregar en:

- Carne.



- Peles, faneros e produtos elaborados cos mesmos.



- Leite, queixo e produtos elaborados cos mesmos.



- Comidas preparadas con produtos da raza.



PRODUCCIÓN CÁRNICA

As canais serán identificadas cunha marca co logotipo de “raza autóctona Limiá” e un número individual que se correlacionará coa identificación do animal sacrificado.

Os despieces levarán etiquetas identificativas numeradas que se correlacionarán coa canal da que proceden.




PRODUCCIÓN DE PELES E FANEROS

- Peles e produtos elaborados ou transformados dos animais inscritos no Libro Xenelóxico da raza Limiá, que cumbran os requisitos nas fases de produción e comercialización.
- Faneros e produtos elaborados ou transformados dos animais inscritos no Libro Xenealóxico da raza Limiá, que cumbran os requisitos nas fases de produción e comercialización.
- As peles e faneros identificaranse no matadoiro con precintos numerados.
- Nas fases de elaboración ou transformación das mesmas manteranse estas etiquetas ou precintos ata o consumidor final.



PRODUCCIÓN DE LEITE E QUEIXO

- Leite, queixos e produtos elaborados ou transformados dos animais inscritos no Libro Xenealóxico da raza Limiá, que cumpran os requisitos nas fases de produción e comercialización.
- Na produción leiteira, a leite procedente da muxidura exclusivamente das vacas inscritas no Libro Xenealóxico, identificarase nos tanques ou en calquera outro envase con precintos numerados. Tras ser transformada en queixo ou noutro produto elaborado rematará cunha etiqueta numerada co logotipo.




LIMIÁ

PRODUTOS ELABORADOS OU TRANSFORMADOS E COMIDA PREPARADA

Produtos elaborados ou transformados: terán como ingrediente ou compoñente principal ou un dos principais, carne das razas. Deberán levar unha etiqueta identificativa numerada que se correlacione coa canal da que procede.

Comida preparada: elaboración culinaria resultado da preparación en cru ou do cociñado ou precociñado, dun produto cárnico ou leiteiro, con ou sen adición doutras sustancias autorizadas. Poderase presentar envasada ou non.

- Cando a comida preparada estea envasada, deberá levar etiqueta identificativa numerada que se correlacione coa canal da que procede.



LIMIÁ

SISTEMA DE TRAZABILIDADE

Haberá rexistros de entrada e saída nas distintas fases de produción e venda e poderanse establecer outros mecanismos que garantan un eficaz control e trazabilidade sempre que se considere necesario.

Os **OPERADORES**:

- Serán os responsables dos controis dos produtos e da súa trazabilidade.
- Contarán no seu proceso produtivo cun sistema de traballo que lle permita asegurar a trazabilidade dos exemplares e dos seus produtos e o cumprimento do prego de condicións.

Trazabilidade na explotación de orixe

- Os animais estarán inscritos no Libro Xenealóxico da raza Limiá.
- As ganderías de procedencia dos produtos tamén deberán estar inscritas no Libro Xenealóxico da raza Limiá.
- Os animais estarán identificados individualmente dende o seu nacemento, cun dobre crotal numerado nas súas orellas, segundo indica a normativa vixente.
- As ganderías deberán enviar regularmente as declaracións de nacementos e movementos á oficina da Asociación, respetando os prazos que marca a normativa vixente




Trazabilidade en establecementos

- De cara aos establecementos admitidos pola lexislación vixente nos que se realice o sacrificio, despezamento, envasado, elaboración, transformación... emitirase un documento e/ou certificado de traslado no que se especifique

datos relativos á orixe e data de saída (preferiblemente **DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ**)




DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ







LIMIÁ

Pazo de Fontefiz s/n
32152 Coles - Ourense

Tel. 988205486
Fax 988205489



Limiaga
Asociación de criadores da raza bovina Limiá

FEADER
Europa inviste no rural
Emprego rural en Galicia

LI 01152

DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ
DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ

PRODUCTOR/EMPRESA _____ con n.º REGA _____ RXSA (se procede) _____
 PRODUCTOR/EMPRESA _____ con n.º REGA _____ RGSA (si procede) _____

comunica a expedición dos seguintes produtos "100% Raza Autóctona Limiá" a D./D.ª/Empresa _____
 comunica la expedición de los siguientes productos "100% Raza Autóctona Limiá" a D./D.ª/Empresa _____

con n.º de Rexistro/DNI/NIF _____ con enderezo en _____
 con n.º de Rexistro/DNI/NIF _____ con domicilio en _____

Código Postal _____ Concello _____ Provincia _____ Teléfono _____
 Código Postal _____ Ayuntamiento _____ Provincia _____ Teléfono _____

| CANTIDADE CANTIDAD | PRODUTO PRODUCTO | N.º CROTAL N.º CROTAL | N.º ETIQUETA 100% Raza Autóctona N.º ETIQUETA 100% Raza Autóctona | DATA ENVÍO FECHA ENVÍO | NOTA NOTA |
|-----------------------|---------------------|--------------------------|--|---------------------------|--------------|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

Sinatura do expedidor
Firma del expedidor

En _____, a _____ de _____ de _____
 Asdo. _____
 Fdo. _____

EXEMPLAR PARA A ASOCIACIÓN (unidade de control)
 EJEMPLAR PARA LA ASOCIACIÓN (unidade de control)

Trazabilidade nas canais-cortes comerciais

- Identificados con etiquetas identificativas numeradas ou marcas (descrito anteriormente), colocados por persoal autorizado por LIMIAGA, podendo ser o responsable da explotación onde se criaron os animais.

Trazabilidade na sala de despezamento

- Chegarán as canais enteiras, cunha documentación de traslado que indique procedencia, data de saída e nº de identificacións.



- Sairá cun documento de “registro de despezamento” co nº de pezas obtidas e o lote asignado (preferiblemente **DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ**)

Trazabilidade na obtención de produtos elaborados ou transformados

- Na entrada existirá documentación que indique o nome e nº de autorización sanitaria dos establecementos de procedencia e o nº de identificación das canais, dos despezamentos e dos lotes xunto coa cantidade de produto (preferiblemente **DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ**).
- Na saída haberá un documento que indique o nº de referencia asignado ao lote e a súa relación coa carne de procedencia, a data de elaboración, a data de saída e o establecemento de destino (preferiblemente **DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ**).
- A elaboración dos produtos farase en liñas de produción separadas ás empregadas para a elaboración doutros produtos.

Trazabilidade na elaboración de comida preparada

- Na entrada existirá documentación que indique procedencia das carnes, que faga referencia á identificación das canais, dos despezamentos ou dos lotes e a cantidade de produto (preferiblemente **DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ**).
- Na saída existirá un documento que indique o nº de referencia asignado ao lote e a súa relación coa carne de procedencia, a data de elaboración, data de saída e establecemento de destino (preferiblemente **DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ**).

Trazabilidade nos puntos de venda e locais de restauración

- Existirá constancia documental por medio de facturas, albaráns ou documento similar elaborado por LIMIAGA (**DOCUMENTACIÓN DE EXPEDICIÓN DE PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ**), que indique a orixe dos produtos e cantidades.
- Os produtos da Raza Limiá cociñaranse aparte doutros que non sexan da raza, tendo que estar dito proceso correctamente diferenciado.

- Comprobarase a concordancia entre o produto que entra no local e o consumido.
- Existirá publicidade nos puntos de venda e locais de restauración sobre a Raza e o LOGOTIPO 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ.

Haberá, por tanto, rexistros de entrada e saída nas diferentes fases da produción e venda e poderanse establecer outros mecanismos que garantan un eficaz control e trazabilidade sempre que se considerara necesario.



SISTEMA DE VERIFICACIÓN POR PARTE DA ASOCIACIÓN

- LIMIAGA contará cun rexistro de operadores tras a presentación da solicitude por parte dos titulares (criadores; restaurantes; puntos de venda; matadoiros; salas de despezamento; puntos de almacenamento, claseo; puntos de transformación no caso de faneros; puntos de confección no caso de peles; puntos de maduración e transformación de leite...)
- LIMIAGA realizará inspeccións semestrais en todos os operadores autorizados, por persoal autorizado pola asociación.
- Os OPERADORES tomarán as medidas necesarias para que se cumpra o prego de condicións.
- A trazabilidade do produto quedará asegurada a través do control da documentación de rexistros e etiquetados de todos os operadores.

Verificación en explotacións

Visitas semestrais dos técnicos autorizados para comprobar se cumpren:


- Normativa L.X. da Raza
- Programa de conservación da Raza
- Correcta identificación dos animais destinados a carne e peles, e os precintos dos tanques do leite.

Verificación en establecementos admitidos pola lexislación vixente que realice sacrificio, despezamento, envasado, elaboración, e transformación

Visitas semestrais nas que se supervisarán as identificacións, os rexistros e os etiquetados.

Verificación nos puntos de venda e locais de restauración

Visitacións semestrais por persoal autorizado nas que se examinarán os produtos e os rexistros sinalados no prego. Nos locais de restauración poderanse recoller mostras para analizar a trazabilidade do produto.



NON CONFORMIDADES E RÉXIME DISCIPLINARIO

RÉXIME DISCIPLINARIO

- Será o Secretario Executivo de LIMIAGA o que determine as non conformidades ou incumprimentos, a gravidade das mesmas e o seu tratamento.
- A decisión adoptada comunicárase por escrito ao operador implicado.
- A decisión sancionadora poderá ser recurrida ante a Xunta Directiva nun prazo de 15 días dende a notificación da resolución sancionadora.
- A Xunta analizará o recurso, podendo dar audiencia ao interesado. O Presidente dará explicación a todos os membros sobre o proceso en cuestión e proporcionará a documentación necesaria para a análise da decisión adoptada.
- Adoptarase unha resolución que será comunicada por escrito ao apelante.
- Nos casos de uso indebido do logotipo de Raza Autóctona 100% Limiá por parte de persoas físicas ou xurídicas non autorizadas por LIMIAGA, a Xunta Directiva dará traslado á autoridade competente na materia segundo se establece no artigo 8 do Real Decreto 505/2013 do 28 de xuño.
- No caso de que se detecten razóns sociais, nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas, que fagan referencia ao logotipo, aos nomes protexidos por el, ou calquera denominación non admitida que cree confusión nos consumidores, a Xunta Directiva dará traslado á autoridade competente na materia segundo se establece no artigo 8 do Real Decreto 505/2013 do 28 de xuño.

RELACIÓN DE NON CONFORMIDADES

As non conformidades cometidas polos operadores autorizados para a utilización do logotipo clasifícanse da seguinte forma:

- De tipo administrativo

- Por incumprimento do Prego de condicións, das normas de desenvolvemento ou das instrucións técnicas da Asociación de Criadores de raza Limiá (LIMIAGA) en calquera fase.
- Por uso indebido do logotipo da Raza Autóctona 100% Limiá.

NON CONFORMIDADES DE TIPO ADMINISTRATIVO

Todas aquelas orixinadas por inexactitude, omisión ou falsidade na elaboración de declaracións e demais documentos, ou por non cumprir os prazos que para ditos documentos se establezan, así como actuar en contra dos acordos que nestas materias poida adoptar a Xunta Directiva de LIMIAGA para a utilización do logotipo.

- Falsear ou omitir datos e/ou documentos dos diferentes rexistros
- Non comunicar a LIMIAGA calquera variación que afecte á execución e comprobación das condicións do Prego.
- Non conservar documentación e identificacións (período mínimo 3 anos).
- Non expoñer ao público documentación do produto.
- Non comunicar en tempo as altas/baixas dos animais.
- Calquera omisión ou falsificación de datos relativos a produción, transformación, distribución, comercialización ou movemento de produtos.


NON CONFORMIDADES POR INCUMPRIMENTO DO PREGO-DAS NORMAS DE DESENVOLVEMENTO-DAS INSTRUCIÓNS TÉCNICAS

- Manipular ou falsificar as identificacións, precintos, etiquetas, marcas ou documentos, en calquera das fases incluídas no Prego.
- Non permitir ou dificultar a recollida de información nas inspeccións ou comprobacións, así como as labores de control recollidas no Prego.

NON CONFORMIDADES POR USO INDEBIDO DO LOGOTIPO

Calquera acto que contraveña o disposto no presente Prego e instrucións técnicas de LIMIAGA, en materia de uso, promoción, publicidade e imaxe do logotipo.

- Utilizar o logotipo en produtos derivados de animais non inscritos no Libro Xenealóxico.
- Utilizar razóns sociais, nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas, que fagan referencia ao logotipo, na comercialización de produtos non protexidos ou que creen confusión nos consumidores.
- Uso de medios de identificación non aprobados por LIMIAGA, que non se axusten ao establecido no RD 505/2013.
- Tenencia indebida, negociación ou utilización do logotipo e a súa falsificación.
- Efectuar calquera fase do produto con operadores non autorizados pola Xunta Directiva de LIMIAGA.



TRATAMENTO DE NON CONFORMIDADES- APLICACIÓN RÉXIME DISCIPLINARIO

Aplicarase según a súa importancia e trascendencia:

De tipo leve:

- Cando se trate de simples irregularidades na observancia das reglamentacións, sen trascendencia directa para os consumidores ou que non supoñan beneficio especial para o infractor.
- Cando se subsanen os defectos nos prazos marcados por LIMIAGA.

Resolverase sempre con apercibimento, podéndose aplicar unha suspensión temporal de ata un mes do uso do logotipo, mentres se subsanan as deficiencias detectadas.

De tipo grave:

- Cando a infracción teña trascendencia directa sobre o consumidor ou supoña beneficio especial para o infractor
- Cando non se subsanen os defectos nos prazos marcados por LIMIAGA para unha falta leve.
- En todos os casos nos que non proceda a aplicación de tipo leve ou moi grave.

Resolverase sempre coa suspensión temporal de ata seis meses do uso do logotipo. Non se poderá utilizar o mesmo ata que pase ese tempo e se subsanen os incumprimentos detectados. Esta suspensión temporal aparecerá reflexada no listado de operadores autorizados por LIMIAGA.

De tipo moi grave:

- Cando se produza reiteración na negativa a facilitar información, prestar colaboración ou permitir o acceso á documentación obrigatoria esixida polo Prego, polas normas complementarias e instrucións técnicas de LIMIAGA.
- Cando non se subsanen os defectos nos prazos marcados por LIMIAGA para unha falta GRAVE.
- Cando da infracción se deriven prexuízos graves para LIMIAGA, os seus produtores ou os consumidores.


No caso de reincidencia nun período inferior a un ano, aplicarase a infracción superior á detectada.

Resolverase sempre coa suspensión definitiva do uso do logotipo. Non se poderá utilizar o mesmo, devolverase todo o material relacionado co logotipo e procederase á retirada do listado de operadores autorizados. Neste caso os operadores poderán ao cabo dun ano volver a facer unha nova solicitude .




“OPERADOR AUTORIZADO”. PASOS A SEGUIR

A entidade interesada en darse de alta como operador autorizado do Logotipo 100% Raza Autóctona Limiá deberá poñerse en contacto coa Asociación de Criadores de Raza Limiá e cubrir o impreso de solicitude.



Pazo de Fontefiz s/n
32152 Coles - Ourense

Tel. 988205486
Fax 988205489



Asociación de criadores da raza bovina Limiá

SOLICITUDE DE OPERADOR AUTORIZADO PARA O EMPREGO DO LOGOTIPO 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ

SOLICITUD DE OPERADOR AUTORIZADO PARA EL EMPLEO DEL LOGOTIPO 100% RAZA AUTÓCTONA LIMIÁ

Tipo de operador: Producción Primaria
 Tipo de operador: Producción Primaria
 Transformación
 Comercialización
 Comercialización

DATOS DO SOLICITANTE/OPERADOR
 DATOS DEL SOLICITANTE/OPERADOR LI 00063

Nome ou Razón Social / Nombre o Razón Social: _____ NIF/CIF / NIF/CIF: _____

Enderezo / Domicilio: _____

C.P. / C.P.: _____ Concello / Ayuntamiento: _____ Provincia / Provincia: _____

Tel. / Tel.: _____ Tel. que aparecerá na web / Tel. que aparecerá en la web: _____ Fax / Fax: _____

Enderezo electrónico / Dirección electrónica: _____ Páx. web / Pág. web: _____

Nome e apelidos do responsable / Nombre y apellidos del responsable: _____ Cargo que ocupa / Cargo que ocupa: _____ NIF do responsable / NIF del responsable: _____

Razón comercial que aparecerá na publicidade / Razón comercial que aparecerá en la publicidad: _____

Enderezo para aspectos comerciais [cubrir soamente no caso de que sexa distinto ao enderezo fiscal]:
 Domicilio para aspectos comerciales [cubrir solamente en caso de que sea distinto al domicilio fiscal]: _____

N.º REGA / N.º REGA: _____ N.º Rex. Sanitario (se procede) / N.º Reg. Sanitario (si procede): _____

Descrición da produción / Descripción de la producción: _____

DEREITOS E OBRIGAS DO OPERADOR SOLICITANTE


1. O solicitante afirma coñecer o Prego de Condicións para a utilización do logotipo “100% Raza Autóctona Limiá”, comprometéndose a cumprilo.
2. En cumprimento do Prego de Condicións, LIMIAGA comprométese a rexistrar e dar publicidade do operador, tanto na súa páxina web como en todos aqueles eventos promocionais nos que participe, a través da realización de diverso material promocional.
3. LIMIAGA proporcionarlle ao operador os documentos e paneis informativos, adhesivos e/ou distintivos do Prego de Condicións, sendo responsabilidade do establecemento a colocación destes nun lugar visible se así o considera.
4. O solicitante autoriza a LIMIAGA a publicación dos seus datos para uso publicitario, nos condicións do Prego de Condicións.
5. O operador solicitante comprométese a aboar as cotas anuais que se establezan.
6. En cumprimento do Prego de Condicións, o operador comprométese a permitir o acceso do persoal autorizado por LIMIAGA ás súas instalacións, de cara a exercer o control do Prego de Condicións.
7. O operador gardará a documentación de expedición de produtos “100% Raza Autóctona Limiá”.
8. Os produtos “100% Raza Autóctona Limiá” que non estean envasados estarán claramente diferenciados doutros produtos vacuins convencionais, sen que exista contacto físico entre ambos.
9. O solicitante manifesta que foi informado de todos os dereitos e obrigas que lle corresponden no Prego de Condicións para a utilización do logotipo “100% Raza Autóctona Limiá”.


DERECHOS Y OBLIGACIONES DEL OPERADOR SOLICITANTE


1. El solicitante afirma conocer el Pliego de Condiciones para la utilización del logotipo “100% Raza Autóctona Limiá”, comprometiéndose a cumplirlo.
2. En cumplimiento del Pliego de Condiciones, LIMIAGA se compromete a registrar y dar publicidad del operador, tanto en su página web como en todos aquellos eventos promocionales en los que participe, a través de la realización de diverso material promocional.
3. LIMIAGA proporcionará al operador los documentos y paneles informativos, adhesivos y/o distintivos del Pliego de Condiciones, siendo responsabilidad del establecimiento la colocación de estos en un lugar visible si así lo considera.
4. El solicitante autoriza a LIMIAGA la publicación de sus datos para uso publicitario, en las condiciones del Pliego de Condiciones.
5. El operador solicitante se compromete a abonar las cuotas anuales que se establezcan.
6. En cumplimiento del Pliego de Condiciones, el operador se compromete a permitir el acceso del personal autorizado por LIMIAGA a sus instalaciones, con el objeto de ejercer el control del Pliego de Condiciones.
7. El operador guardará la documentación de expedición de productos “100% Raza Autóctona Limiá”.
8. Los productos “100% Raza Autóctona Limiá” que no estén envasados estarán claramente diferenciados de otros productos vacuins convencionales, sin que exista contacto físico entre ambos.
9. El solicitante manifiesta que fue informado de todos los derechos y obligaciones que le corresponden en el Pliego de Condiciones para la utilización del logotipo “100% Raza Autóctona Limiá”.


En _____, a _____ de _____ de _____

O solicitante/operador
El solicitante/operador










Asdo.
Fdo. _____

EXEMPLAR PARA A ASOCIACIÓN (entidade de control)
 EJEMPLAR PARA LA ASOCIACIÓN (entidad de control)

Os seus datos incorporaranse a un ficheiro titularidade de LIMIAGA coa finalidade de xestionar a nosa relación. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito á Asociación de Criadores da Raza Limiá no seguinte enderezo: Pazo de Fontefiz, Coles, 32152, Ourense, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 sobre Protección de Datos de Carácter Persoal. Sus datos se incorporarán a un fichero titularidad de LIMIAGA con la finalidad de gestionar nuestra relación. Puede ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición, dirigiéndose por escrito a la Asociación de Criadores de la Raza Limiá en el siguiente domicilio: Pazo de Fontefiz, Coles, 32152, Ourense, de acuerdo con la Ley Orgánica 15/1999 sobre Protección de Datos de Carácter Personal.

O listado de operadores autorizados clasificados nas tres categorías especificadas no Prego de Condicións (produtores primarios, transformadores e comercializadores) encóntranse actualizados na dirección <http://boaga.es/limiaga/logo-100x100/operadores-autorizados/>



LIMIÁ